Concello de Arzúa

A C T A

Arzúa, 17 de outubro de 2017

Ás 11.45 horas, reúnense na aula n.º 3 do primeiro andar do edificio municipal multiusos, nomeado "Terra do Queixo", sito na rúa Padre Pardo, o persoal seleccionador do tribunal cualificador que avaliará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a persoa que desempeñará o posto de traballo da persoa **técnica de normalización lingüística**, na modalidade de funcionario/a interino/a, durante un período de tempo de dous anos, contado desde a toma de posesión da persoa que resulte seleccionada, cunha xornada laboral de vinte e cinco horas semanais, para realizar as funcións previstas na base segunda das que rexen a oposición, que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 8 de maio de 2017.

Asisten a este acto as seguintes persoas integrantes do tribunal cualificador:

• Presidenta: Inés Dorado Fernández (*técnica coordinadora de normalización lingüistíca da Deputación Provincial da Coruña*).

• Vogais:

-Ruth Otero Vilar (x*efa de servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*).

-Armando Requeixo Cuba (*secretario do servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*).

-Joaquim Vázquez Rodríguez (*técnico de normalización lingüística do Concello de Melide*)

• Secretario:

Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*).

Logo de constituír o tribunal cualificador, --de conformidade co disposto no artigo 17 n.º 2, da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público-, a presidenta declarou constituído este tribunal, co obxecto de levar a cabo a realización do primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, que consistirá en "*responder un cuestionario de trinta preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no anexo I das bases que rexen a oposición*".

Para o cal se elaboraron -con anterioridade ao comenzo deste exercicio, desde ás 10.00 horas ata as 11.30 horas- as trinta cuestións do exercicio e cinco máis de reserva, de maneira que cada cuestión formulada tivese catro respostas alternativas, das cales só unha delas fose correcta.

E así, logo entregarlles os folios coa proba a cada un dos/as sete aspirantes presentados/as o tribunal cualificador informounos do que segue:

-Que deberían marcar a resposta correcta de cada pregunta cun circulo arredor da letra correspondente.

-Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta. 0,25 puntos as incorrectas. As respostas en branco non puntuarían.

-Que para superar a proba é necesario obter unha puntuación de 15 puntos sobre 30 posibles.

-Que as puntuacións obtidas por cada aspirante se recollerán na acta que se estenda desta reunión, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do concello do concello.

-Que o tempo máximo para responder as trinta preguntas sería de 45 minutos, de 12.05 a

12.50 horas.

Para coñecemento das persoas aspirantes que realizaron o exercicio, transcríbese este a continuación. A resposta correcta para cada pregunta márcase en negra:

1. Cal dos seguintes dereitos non recoñece a Constitución no seu artigo 35:

a) Dereito á libre elección de profesión ou oficio.
b) Dereito á promoción a través do traballo.
c) Dereito á formación no traballo.
d) Dereito a unha remuneración suficiente para satisfacer as necesidades propias e da familia.

2. Son elementos do municipio (art. 11, nº 2 da Lei 7/1985):

a) Os veciños, o alcalde e os concelleiros.
b) A poboación, o padrón municipal e o censo electoral.
c) O territorio, a poboación e a organización.
d) O Pleno do concello, a Xunta de Goberno Local e o alcalde.

3. A Xunta de Goberno Local existirá nos concellos con poboación inferior a 5000 habitantes segundo o artigo 20, nº 1 b) da Lei 7/1985:

a) Cando así o decida o alcalde.
b) Cando o acorde o Pleno do concello.
c) Cando o acorden os voceiros dos grupos políticos representados na corporación local.
d) Cando o solicite un terzo do número legal de membros da corporación local.

4. Cal é función de dinamización dun servizo lingüístico municipal da provincia?

a) Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo,..., no ámbito local.
b) Apoiar e difundir as accións dinamizadoras desenvolvidas pola Deputación da Coruña.
c) Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, para a poboación en xeral ou para sectores concretos.
d) Apoiar as accións dinamizadoras do Consello da Cultura Galega.

5. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal (art. 2, Lei de normalización lingüística 3/1983)
a) Do galego
b) Do castelán
c) Do galego e do castelán

6. A linguaxe administrativa coidada debe desbotar:

a) Enunciados con tendencia a precisión e exactitude conceptuais.
b) Enunciados con tendencia a substantivación no canto de uso de verbos.
c) Clareza da lingua.
d) Corrección na puntuación

7. Que denominacións non se traducen?

a) Nomes de institucións públicas.
b) Nomes de departamentos de organismos públicos.
c) Nomes de empresas privadas con vocación empresarial.
d) Títulos de textos legais.

8. A aprobación dos nomes oficiais dos concellos de Galicia e das súas capitais correspóndelle a:

a) Cada concello aproba os seus.
b) Consello da Xunta de Galicia.
c) Consellería de Presidencia.
d) Secretaría Xeral de Política Lingüística.

9. A denominación das vías urbanas é competencia de:

a) Xunta de Galicia
b) Consello da Xunta de Galicia
c) É propia dos concellos
d) Da Comisión de Toponimia

10. Cal é a parella de antónimos?
a) Adiar- adiantar
b) Adiar – dilatar
c) Deber – endebedar
d) Deber – responsabilidade

11. Ocúpanse de investigacións no corpus lingüístico excepto:
a) CORGA
b) TERMIGAL
c) **LOXSE**
d) BILEGA

12. Elixe a data escrita correctamente
a) Arzúa, 17 de outubro de 2017
b) Arzúa, 17 outubro do 2017
c) Arzúa, o 17 de outubro do 2017
d) Arzúa, a 17 de outubro de 2017

13. Obxectivo de dinamización
a) Minimizar a distancia entre o número de falantes en galego e castelán
b) **Incrementar a presenza social da lingua galega**
c) Incrementar a efectividade e competencia lingüística
d) Ningunha das opcións anteriores

14. Liña de actuación do Observatorio da Cultura Galega
a) Investigación centrada na sociolingüística
b) Investigación centrada na fixación da norma
c) Investigación centrada na calidade lingüística
d) Investigación centrada no cumprimento da lexislación no relativo ao uso de galego e dereitos dos cidadáns

15. O Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades é membro de:
a) Medioevo Europeo
b) Observatorio da Lingua Galega
c) Consello da Cultura Galega
d) Facultade de Filoloxía Galega

16. O Consello da Cultura Galega:

a) Asesora e consulta os poderes da comunidade autónoma
b) Non asesora os poderes da comunidade autónoma
c) Non consulta os poderes da comunidade autónoma
d) Ningunha das opcións anteriores

17. Indica que institución é autora do *Mapa sociolingüístico de Galicia:*

a) Consello da Cultura Galega
b) Instituto da Lingua Galega
c) Real Academia Galega
d) Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

18. Di cal das seguintes afirmacións non recolle a Constitución Española

a) O castelán é a lingua oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de a coñecer e de a usar.
b) O catalán, o vasco e o galego serán tamén oficiais, respectivamente, nas comunidades autónomas de Cataluña, País Vasco e Galicia.
c) As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.
d) Todas as linguas das autonomías históricas son oficiais nos seus territorios e no tamén no resto do Estado

19. Indica que formulación das seguintes non se recolle no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia

a) A lingua propia de Galicia é o galego
b) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e o dereito de usalos.
c) Os idiomas galego e castelán son oficiais en todos os territorios de fala galega e todos teñen o deber usalos
d) Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e os usar.

20. A Real Academia Galega constituíuse oficialmente como tal na Coruña o 30 de setembro do ano:

a) 1900
b) 1906
d) 1905
e) 1917

21. En que ano aprobaron conxuntamente o ILG e a RAG as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*:

a) 1980
b) 1984
c) 1982
d) 1981

22. No PXNL establécense unha serie de obxectivos xerais. Di cal dos seguintes non forma parte deles:

a) Garantir a posiblilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da Lei e das institucións.
b) Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
c) Cambiar a Lei de Normalización Lingüística e adaptala ao marco lexislativo actual.
d) Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

23. O PXNL foi aprobado polo Parlamento de Galicia no ano:

a) 2004
b) 2006
c) 2002
d) 2000

24. Indica a frase na que hai unha incorrección:

a) De os avogados chamaren, dígalles que veño axiña.
b) Non vou anoxarme co alcalde por o veciño contarme unha troula.
c) Desta reclamación ser admitida, paralizaríase todo o proceso.
e) Desta reclamación falarase no seguinte pleno.

25. No Sistema Internacional de Unidades (SI) o símbolo *G* indica:

a) Xeometría
b) Xiga
c) Gas
d) Xeografía

26. O Plan Xeral de Ordenación Urbana coñécese abreviadamente como:

a) PLAXOU
b) PXOU
c) PXOUR
d) PXOM

27. Di cal dos seguintes topónimos está ben escrito:

a) A Gólada
b) Agolada
c) A Agolada
d) Golada

28. O xentilicio correspondente a Xunqueira de Ambía é:

a) xunqueirao
b) xunqueirés
c) xunqueirano
d) xunquerista

29. Di cal dos seguintes termos é incorrecto:

a) segredario
b) subministrar
c) comisar

30. Di en que caso hai un uso incorrecto de maiúsculas ou minúsculas:

a) O Parlamento de Galicia é a institución que ten o poder lexislativo.
b) Acudiu ao Xulgado de Primeira Instancia.
c) Casaron polo Xulgado.
d) O documento redactouse na Secretaría Xeral.

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Di cal das seguintes solucións é a correcta:

a) Veño de A Coruña
b) Teño relación coa Coruña
c) Vou a Coruña
d) N'a Coruña todo o mundo é benvido.

2. Indica en cal dos seguintes casos o uso de maiúsculas e minúsculas é o axeitado:

a) Directora Xeral
b) SECRETARIO XERAL
c) Presidencia da Xunta de Galicia
d) O Alcalde do Concello

3. Sinala das seguintes secuencias é a correcta:

a) Ditouse sentencia en base ás probas.
b) O Concello de Arzúa achegou vinte mil euros de subvención.
d) Fíxose unha observación en relación á concesión da licenza.
e) Os resultados serán prorrateados para este concurso.

4. Sinala a resposta correcta:

a) As Irmandades da Fala constituíronse en Lugo en 1918, data da súa primeira asemblea.
b) As Irmandades da Fala constituíronse na Coruña o 18 de maio de 1916.
c) As Irmandades da Fala constituíronse en Santiago de Compostela, o 25 de xullo de 1916, da man de Antón Villar Ponte.
d) As Irmandades da Fala constituíronse na cidade na Habana o 25 de xullo de 1917.

5. Sinale un sector do Plan xeral de normalización da lingua galega
a) Político
b) Medios de comunicación
c) Empresa privada
d) Ningún dos tres anteriores

Os cinco membros do tribunal acordaron anular as preguntas 5 e 29 por non figurar a cuarta opción de resposta e, en consecuencia, substituílas polas preguntas de reserva 1 e 2.

O tribunal, despois de corrixir as probas, presenta as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Puntuación exercicio teórico
Beatriz Galiano Leis	23,75
David Cobas Medín	20
Isabel Núñez Freire	17,5
Isabel Figueira Salgueiros	17,5
Tamara Dosantos Delgado	16
Vanesa Otero Fernández	14,75
Bárbara Ferreiro Barreiro	11,75
Estela Suárez Recouso	NP
Laura Isabel Rubio Rendo	NP

Marta García Tojo	NP
Vanesa Fernández Salgado	NP
Aitor Rivas Rodríguez	NP
Henrique Salvador Estévez Hernández	NP
Leticia Quintás Pérez	NP
Jessica Iglesias Baz	NP
Estefanía Busto Dopazo	NP
Noa Fernández Pazo	NP
Daniel Barbero Patiño	NP
Triana Torres Fontán	NP
María Cernadas Figueiras	NP

Por todo isto, adoptáronse os seguintes acordos:

Primeiro: Ratificar as puntuacións indicadas e publicar no taboleiro de edictos e na páxina web do concello unha copia desta acta para que as persoas interesadas poidan coñecer as puntuacións.

Segundo: Conceder un prazo de tres días para resolver, se é o caso, reclamacións sobre as preguntas, puntuacións ou outras circunstancias do exame. O prazo contarase a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro do concello.

As reclamacións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Arzúa ou no portelo único. Neste último caso, deberán enviar unha copia da reclamación ao seguinte enderezo: irene.couselo@concellodearzua.com dentro do prazo sinalado.

Terceiro: Facer saber ás dúas aspirantes que non obtiveron a puntuación mínima que fican eliminadas do proceso de selección (base décima da convocatoria).

Cuarto: Convocar as cinco persoas que superaron o exercicio teórico para realizar o exercicio práctico da oposición, que terá lugar o martes día **24 de outubro** ás **10.00 horas** no salón de sesións da Casa do Concello. Este exercicio consistirá en realizar un suposto práctico determinado polo tribunal cualificador (base décima da convocatoria). Esta proba cualificarase de 0 a 20 puntos. Para superala será necesario para obter un mínimo de 10 puntos. O tempo de duración da mesma serán sesenta minutos.

Rematou a sesión ás 17:00 horas do día de hoxe. De todo o cal, como secretario do tribunal cualificador, dou fe.